



## Teaching Guide

Identifying Data					2022/23
Subject (*)	Business Start-up and Management			Code	620G01029
Study programme	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Third	Optional	6	
Language	Spanish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Economía				
Coordinador	Agullo Leal, Fernando	E-mail	fernando.agullo@udc.es		
Lecturers	Agullo Leal, Fernando	E-mail	fernando.agullo@udc.es		
Web					
General description	<p>A asignatura de Creación e Dirección de Empresas intégrase no plan de estudos do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte con carácter optativo. Para xustificar a súa inclusión neste plan de estudos pódese dicir que é unha maneira de facer fronte a situación na que se atopan a xuventude ao tratar de se incorporar ao mercado de traballo e as dificultades que teñen que superar quenes pertencen ao devandito colectivo e ademais son titulados universitarios. Coa asignatura preténdese que o alumnado desenvolva actitudes éticas e críticas fronte ao papel da empresa na sociedade, recoñecer o valor social do espírito emprendedor.</p> <p>A Integración desta asignatura no plan de estudos queda plenamente xustificada porque:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Contesta á importante demanda social que nos últimos tempos esixe un coñecemento máis científico e técnico do ámbito da Actividade Física e o Deporte, á vez que se require dar resposta a problemas tan ineludibles como é o paro xuvenil e o desemprego ou subemprego dos universitarios.</li> <li>2. Responde á letra e ao espírito da normativa legal que regula a creación e funcionamento dos Institutos Nacionais de Educación Física, así como o contido esencial da Lei de Reforma Universitaria e a súa reforma cando considera que a universidade ha de servir para xerar coñecemento pero, ademais, debe transmitir ou transferir ese coñecemento á sociedade que a sustenta.</li> </ol>				

## Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A32	Dirixir e xestionar servizos, actividades, organizacións, centros, instalacións, programas e proxectos de actividade física e deportiva desde os principios de igualdade de oportunidades, supervisando e avaliando a calidade, as garantías de seguridade e saúde dos usuarios, así como a súa satisfacción e os resultados sociais e económicos.
A34	Realizar actos facultativos de elaboración de informes técnicos e peritaxes, asesorar e inspeccionar sobre actividade deportiva, instalacións e programas deportivos.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersonal e traballo en equipo.
B5	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán.
B6	Dinamizar grupos nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
B20	Coñecer, reflexionar e adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo a partir das prácticas externas en algún dos principais ámbitos de integración laboral, en relación ás competencias adquiridas no grao que se verán reflectidas no traballo fin de grao.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.

## Learning outcomes



Learning outcomes	Study programme competences / results		
<p>Adquirir as habilidades e competencias necesarias para poñer en marcha unha pequena empresa ou a incorporación ao mercado de laboral como traballador autónomo. Coñecer de forma integrada a realidade da problemática da creación dunha empresa. Coñecer e aplica-los principios de formación básica na etapa de iniciación dun proxecto empresarial. Vivencia-lo esforzo do proceso de reflexión que supón a posta en marcha dun proxecto empresarial. Desenvolver o nivel de autonomía e competencia necesario para a creación de empresas e o autoemprego. Introducir ao alumnado na análise e interpretación da bibliografía en torno ao eido da creación de empresas. Estimula-lo interese na procura de fontes de información primarias e secundarias, así como o manexo da documentación necesaria para a elaboración do plan de empresa e a súa presentación. Analiza-lo proceso de aprendizaxe na adquisición de habilidades necesarias para o funcionamento exitoso dunha empresa. Saber definir obxetivos, medios, estratexias axeitadas para o tipo de empresa que se proxecta create a súa contorna. Experimentar e supera-las dificultades que supón elabora-lo plan de empresa dun proxecto empresarial e adquirir a capacidade de esforzo e reflexión necesarios. Adquirir habilidades para traballar en grupo e facer exposicións públicas dos traballos realizados. Valorar socialmente a iniciativa emprendedora e recoñecemento do importante labor social. Valorar e entede-lo traballo dos compñeiros na facilitación da aprendizaxe. Integración do alumnos no traballo grupal. Saber aplica-las diferentes técnicas de observación da realidade para detectar ideas de empresa. Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise de mercados. Coñecer e aplica-las técnicas do análise DAFO. Coñecer-las diferntes estratexias posibels para unha pequena empresa. Saber defini-las variables da mercadotecnia e aplica-las ao caso dunha pequena empresa ou dunha empresa de servizos do eido laboral. Coñece-las diferencias entre unhas formas xurídicas e outras, en canto a responsabilidade, requisitos, funcionamento, toma de decisións, etc. Coñece-la ficalidade á que vaise ver sometida a empresa no seu funcionamento, tanto a imposición directa como indirecta. Adquirir competencias e habilidades que permitan atopar axudas para levar a cabo o proxecto. Saber facer o plan de empresa de unah pequena ou mediana empresa.</p>	A32 A34	B3 B4 B5 B6 B19 B20	C4 C5

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1. A creación de empresas e a iniciativa emprendedora.	1. Introducción: o emprendemento e o valor social da creación de empresas 2. Os elementos esenciais no proceso de creación de empresas 2.1 A idea de empresa e manantiais para obtela. A validación da idea. O modelo de negocio ou deseño empresarial. 2.2. O emprendedor: características do emprendedor e consecuencias da decisión de emprender 2.3 O plan de empresa: qué é, para qué e cómo se elabora. 2.4 Aspectos legais da creación dunha empresa
Tema 2. A elaboración do plan de empresa	1. Introducción 2. O estudio de mercado 2.1 Obxetivos e fases da elaboración 2.2 O entorno e a creación de empresas 3. O análise DAFO 4. A mercadotecnia 4.1 O produto/servicio 4.2 O precio 4.3 A distribución 4.4 A comunicación 5. A segmentación e a estratexia 6.A previsión de ventas.



Tema 3. A viabilidade do proxecto empresarial	<p>A viabilidade do proxecto empresarial</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción á análise económica-financeira dun proxecto empresarial</li> <li>2. A análise financeira             <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1 O balance</li> <li>2.2 Técnicas de análise</li> </ol> </li> <li>3. A análise económica             <ol style="list-style-type: none"> <li>3.1 A conta de resultados (PeG)</li> <li>3.2 Técnicas de análise</li> </ol> </li> </ol>
Anexo. Guía para a elaboración do plan de empresa	<p>Guía para a elaboración do plan de empresa</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. O estudo de mercado</li> <li>3. O plan comercial</li> <li>4. O plan de organización e de recursos humanos</li> <li>5. Os aspectos legais</li> <li>6. A análise económica-financeira</li> <li>7. Conclusións</li> <li>8. Anexos.</li> </ol>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A32 A34 B5 C4 C5	19	60	79
Objective test	B20 C4 C5	2	0	2
Simulation	A32 A34 B3 B4 B5 B6 B19 B20 C5	20	48	68
Personalized attention		1	0	1

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	<p>É a información ou desenvolvemento de contidos que incide sobre o nivel de coñecementos do alumno e que serven de punto de partida para a consolidación das aprendizaxes.</p> <p>A lección maxistral consiste na exposición oral e sistematizada por parte do profesor, có fin de transmitir certos coñecementos ao alumnado. É un recurso didáctico que permite ao profesor transmitir con precisión os conceptos mais importantes da materia, e debora polo xeral, reflectir coñecementos que lles sería difícil de atopar ao alumnado por outros medios.</p> <p>A lección maxistral servirá fundamentalmente para transmiti-los contidos do programa dunha forma sistematizada e respetando unha orde expositiva que teña en conta os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Exposición dun marco global inicial que permita centra-lo tema.</li> <li>- Análise dos aspectos principais que integran o tema.</li> <li>- Síntese integradora do exposto.</li> <li>- Fixación breve e sinóptica do tema.</li> </ul>
Objective test	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>



Simulation	<p>Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levava a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p> <p>En concreto a simulación consistirá en elaborar un plan de empresa de forma grupal e abreviada, co que se analice a viabilidade de un proxecto de empresa de servizos deportivos.</p>
------------	---

### Personalized attention

Methodologies	Description
Simulation Guest lecture / keynote speech Objective test	Para un mellor rendimento na aprendizaxe e realización da simulación é importante consultar co profesor os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso e asegurar a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Esta recomendación está especialmente indicada no caso de estudantes con dedicación ao estudo a tempo parcial.

### Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Simulation	A32 A34 B3 B4 B5 B6 B19 B20 C5	<p>Desenvolverase unha simulación ao longo do curso que consistirá nun xogo de simulación emprendedora.</p> <p>Esta simulación constitúe un exercicio completo e integrador, tanto pola diversidade dos aspectos que aborda como do número de variables que se manexan ao plantexar unha iniciativa emprendedora en grupo. Os membros, integrantes de cada un dos grupos de traballo, terán tamen o reto de asumir un determinado rol dentro do grupo co que, en función das súas competencias e coñecementos sobre determinados aspectos do traballo a desenvolver, cada un optimice as súas habilidades individuais poñendoas ao servizo do grupo para acadar os obxetivos propostos.</p> <p>O xogo de simulación emprendedora consistirá na posta en marcha dun proxecto empresarial para o que se fará o deseño empresarial e se elaborará un plan de empresa co correspondente análise da viabilidade.</p> <p>O traballo farase de forma grupal coas tarefas encomendadas en cada unha das tres fases. Estas fases serán as seguintes:</p> <p>1ª. Deseño do modelo de negocio (CANVAS)</p> <p>2ª Elaboración dun plan de empresa abreviado sen análise económica-financieira</p> <p>3ª Estudo de viabilidade (Excel) e presentación e entrega dun portafolios co Plan de Empresa e todo o traballo desenvolvido polo grupo no curso.</p>	40
Objective test	B20 C4 C5	<p>A proba será un cuestionario de preguntas tipo test ou preguntas abertas ou ambas. O test será de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto. As preguntas de resposta aberta poderán ser unha breve explicación, un resumo, unha representación e interpretación de gráficas, a resolución de problemas, etc.</p>	60
Others			

### Assessment comments



Este sistema de avaliación continua esixe a asistencia as sesións presenciais. A porcentaxe mínima de asistencia para esta avaliación será do 70%, sen ter en conta as ausencias debidamente xustificadas, dacordo ao establecido pola normativa da udc.

A proba obxetiva formularase en castelán e se poderá respostar en calquera das linguas oficiais da udc. En caso de desexala en galego, deberá indicarllo ao profesor una semana antes da súa realización. Non se poderán portar reloxos nin teléfonos intelixentes.

As persoas que estudan con matrícula en réxime de estudo a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, aos que se lles recomenda seguir un plan de titorías personalizado, terán o mesmo sistema de avaliación que os estudantes a tempo completo, pero non terán a obriga da asistencia.

Cada unha das entregas e probas serán calificadas sobre dez para facilitar a súa comprensión. A calificación final (CF) de APTO acadarase con 5 puntos, e será o resultado da seguinte operación:

$$CF = (\text{Nota da simulación} \times 0,40) + (\text{Nota da proba obxetiva final} \times 0,60).$$

A PROBA OBXETIVA SERÁ OBRIGATORIA PARA APROBAR A ASIGNATURA. Se non se realiza, a calificación final (CF) será NON PRESENTADO. Se a nota da proba obxetiva é de 5 ou superior, se poderá aprobar a asignatura con independencia da calificación da simulación.

A SIMULACIÓN NON SERÁ OBRIGATORIA PARA APROBAR A ASIGNATURA. Se non se realiza a simulación ou non se cumpre o requisito da asistencia, a calificación final (CF) será exclusivamente a nota da proba obxetiva sen ponderar.

Segunda oportunidade:

As calificación das diferentes metodoloxías de avaliación da primeira oportunidade da convocatoria soamente se manterán para a segunda oportunidade, na que se deberán cumprir os mesmos requisitos que se establecen para a primeira oportunidade.

Implicacións do plaxio:

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso (0) na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria

### Sources of information

<b>Basic</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- AGULLÓ LEAL, FERNANDO L. (2019). Curso de Creación e Dirección de Empresas deportivas. moodle.udc: <a href="https://moodle.udc.es/course/view.php?id=44887">https://moodle.udc.es/course/view.php?id=44887</a></li> <li>- ALMOGUERA, JOSÉ ANTONIO Y OTRO (2000). Manual práctico de creación de empresas. Editorial SA de Promociones y Ediciones. Madrid</li> <li>- ALONSO JULIÁN, JOSÉ Mª (1997). Creación y gestión de la propia empresa. Editorial Santillana. Madrid</li> <li>- ASENSIO DEL ARCO, EVA Y OTRO (2009). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial Paraninfo. Madrid</li> <li>- BAYÓN, Mª I. Y OTROS (1.986). Cómo crear una empresa. Editorial CEOE-CEPYME. Madrid</li> <li>- BELMONTE SÁNCHEZ, INMACULADA Y OTRO (1998). Proyecto empresarial. Editorial Editex, SA, Madrid</li> <li>- BERMEJO, MANUEL Y OTROS (1996). La creación de la empresa propia. Consejos prácticos para su puesta en marcha con éxito. Editorial McGraw-Hill. Madrid</li> <li>- CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO E INDUSTRIA DE MADRID (2000). Guía para la creación de empresas. Editorial Cámara de Comercio e Industria de Madrid. Madrid</li> <li>- EQUIPO DE ECONOMISTAS DVE (1.991). Cómo crear su propia empresa. Editorial De Vecchi, S.A. Barcelona</li> <li>- GIL ESTALLO, Mª A. Y OTRO (1993). Cómo crear y hacer funcionar una empresa. Editorial ESIC. Madrid</li> <li>- HALLORAN, JAMES W (2000). Curso McGraw-Hill de creación de empresa. Editorial McGraw-Hill. Madrid</li> <li>- LUDEVID, M. Y OTRO (1994). Como crear su propia empresa. Editorial Marcombo. Madrid</li> <li>- PENALONGA, ANXO (2010). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial Santillana. Madrid</li> <li>- PEÑA-LEGAZKUE, IÑAKI; GUERRERO, MARIBEL Y OTROS (2019). Informe GEM España . Editorial Universidad de Cantabria. Santander</li> <li>- SALINAS SÁNCHEZ. JOSÉ MANUEL Y OTROS (2009). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial McGraw-Hill. Madrid</li> <li>- SOUFI GÓMEZ, S (1.997). Manual práctico de creación de empresas. Editorial Cinco Días. Madrid</li> <li>- ( ). .</li> </ul>
<b>Complementary</b>	La bibliografía complementaria para preparar cada uno de los temas de esta asignatura se facilitarán con los contenidos que se pueden descargar de Moodle.



## Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

## Other comments

Para cursar esta asignatura (optativa) non é imprescindible ter coñecementos previos sobre temas económicos. Pero é unha asignatura de moito proveito cando se ten idea de poñer en marcha un proxecto empresarial como vía para de acceso ao mercado laboral. A materia de Creación de empresas permitirá coñecer como llevar a cabo a posta en marcha e comprender o proceso de elaboración do plan de empresa e experimentar o traballo de reflexión que conleva. Para un mellor rendimento na aprendizaxe é importante facer titorías grupais e individuais. Esta recomendación está especialmente indicada no caso de estudantes con dedicación ao estudo a tempo parcial.&nbsp;Para conseguir un medio ambiente sustentable e mellorar a nosa contorna social, nesta materia se deberán ter en conta as seguintes recomendacións:1.- A entrega dos documentos producidos farase en formato dixital ou soporte informático, a través do correo electrónico, sen necesidade de imprimilos, excepto no caso do portafolios co plan de empresa de cada grupo que se fará como se indica no punto 2 (seguinte).2.- Para facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, se fara a dobre cara, dúas páxinas por folla e sen plásticos.3.- Nesta materia traballarase para incorporar a perspectiva de xénero e identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influir na contorna para fomentar valores de igualdade.4.- Tamén facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, ou psíquicas, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria, adaptando para elo, previa solicitude do alumno, a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación a cada caso particular.Coa finalidade de mellorar o sistema de garantía interna de calidade do noso centro, sería convinte que o alumnado atendese á solicitude realizada pola UDC, con periodicidade cuatrimestral, respecto a participar no proceso de avaliación das materias cursadas? e cuxa chamada realiza baixo o nome de ?AVALÍA? consistindo en responder as enquisas que avalían a docencia do profesorado en cada materia&nbsp;

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.